

ORDENANZA DE CONVIVENCIA, RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ARTIGO 67.- CONSUMO DE BEBIDAS NA VÍA PÚBLICA

1.- Queda prohibido o consumo de bebidas na vía pública cando poida alterar gravemente a convivencia cidadá. Para estes efectos, prodúcese alteración cando concorran as circunstancias seguintes:

- a) Cando pola morfoloxía ou a natureza do lugar público, o consumo poida facerse de forma masiva por grupos de cidadáns/ás ou invite á aglomeración destes.
- b) Cando como consecuencia da acción do consumo se poida deteriorar a tranquilidade do contorno ou provocar nel situacións de insalubridade.

A prohibición a que se refire este apartado quedará sen efecto nos supostos en que o consumo de bebidas teña lugar en establecementos e outros espazos reservados expresamente para esa finalidade, como terrazas e veladores, e cando dito consumo conte coa oportuna autorización que as autoridades competentes poden outorgar en casos puntuais.

2.- Prohíbese nas vías e zonas públicas, a distribución e subministro de bebidas, incluso desde vehículos automóbiles, caravanas, carros, barracas ou similares, se realicen a título oneroso ou gratuíto excepto os supostos expresamente autorizados polo Concello.

3.- Igualmente prohíbese a distribución e venda de bebidas alcohólicas, independentemente do seu grao alcohólico, destinadas ao consumo fóra do propio establecemento de venda, entre as 22.00 horas e as 08.00 horas do día seguinte, agás nos supostos de veladores e terrazas de establecementos adicados á restauración ou hostalería, así como en festas, feiras, romarías e festexos populares previa autorización expresa do Concello.

4.- Nos supostos referidos nos parágrafos anteriores, os axentes da autoridade retirarán e intervirán cautelarmente as bebidas, os envases e os demais elementos obxecto das prohibicións, así como os materiais ou os medios empregados. As bebidas alcohólicas e alimentos inservibles poderán ser destruídos inmediatamente por razóns hixiénico sanitarias.

5.- Ademais dos supostos nos que así se prevea expresamente nesta Ordenanza, os axentes da autoridade poderán, en todo caso, decomisar os utensilios e xéneros obxecto de infraccións ou que serviron, directa ou indirectamente, para a comisión da mesma, así como o diñeiro, os froitos e os produtos obtidos coa actividade infractora, os cales quedarán baixo custodia municipal mentres sexa necesario para a tramitación do expediente sancionador ou, a falta deste, mentres perduren as circunstancias que provocaron o decomiso

De tratarse de bens funxibles, destruíranse ou se lles dará o destino adecuado.

Os obxectos decomisados depositaranse a disposición do órgano sancionador competente para a resolución do expediente. Unha vez ditada resolución firme e transcorridos dous meses sen que o titular recupere o obxecto, procederase a súa destrución ou entregárase gratuitamente a entidades sen ánimo de lucro con fines sociais.

6.- Sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria dos pais ou nais, tutores ou titoras, gardadores ou gardadoras polas accións dos menores de idade que dependan deles, aqueles serán tamén responsábeis directos e solidarios das infraccións cometidas por estes, sempre que, pola súa parte, conste dolo, culpa ou negligencia, incluída a simple inobservancia.

7.- As bebidas vendidas nun establecemento hostaleiro deberán ser consumidas no interior deste, agás nos supostos previstos no parágrafo primeiro deste artigo.”